



Neste capítulo trátase, en primeiro lugar, de analiza-la situación sanitaria da muller galega, partido de datos proporcionados, fundamentalmente, pola Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, polo Sergas e polo Servicio Galego de Igualdade, así como Ministerio de Sanidade e Consumo no que respecta a datos comparados con outras comunidades autónomas.

En segundo lugar estúdiase a situación educativa da muller en Galicia partidos dos datos estadísticos proporcionados polo Ministerio de Educación e Cultura así como os datos de matriculacións nas tres Universidades galegas.

Finalmente trátase brevemente a participación cívica da muller en Galicia tanto no ámbito das diferentes asociacións existente como no que respecta á participación política, partindo de datos da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e do Ministerio para as Administracións Públicas.

Os cambios que se están a producir respecto da posición das mulleres, nos ámbitos social e eco-

nómico, teñen un reflexo no enfoque que actualmente se lle da ás cuestións sanitarias. Neste senso, téntase recoñecer e tratar dun xeito diferenciado aqueles problemas sanitarios específicos das mulleres.

Condicións socio-sanitarias

Partindo da consideración da maior **esperanza de vida** das mulleres respecto dos varóns, no **cadro 3.1.** móstrase a evolución da esperanza de vida ó nacer no período 1991-97. A esperanza de vida ó nacer para as mulleres para o conxunto de Galicia pasou de 80,53 anos en 1991 a 82,12 anos no 1997. As mulleres viven 7,4 anos máis que os homes. Por provincias, as mulleres cunha maior esperanza de vida son as da provincia de Ourense e Lugo con 82,66 e 82,20 anos respectivamente.

A esperanza de vida no período analizado creceu tanto para homes coma para mulleres, sen embargo o crecemento na esperanza de vida dos homes foi maior que na das mulleres.

A maior lonxevidade das mulleres está asociada a unha maior necesidade de coidados sanita-

3.1.

Esperanza de vida ó nacer 1991-97

	1991	1992	1992	1994	1995	1996	1997
A Coruña	77,20	76,97	77,29	77,63	77,59	77,39	78,38
Home	72,51	73,18	73,39	73,52	73,62	73,23	74,59
Muller	80,67	80,62	81,10	81,66	81,51	81,53	82,06
Lugo	76,77	77,08	78,48	78,66	78,00	77,92	78,45
Home	73,53	73,60	74,94	75,24	74,45	74,19	74,82
Muller	79,24	80,76	82,20	82,22	81,67	81,85	82,20
Ourense	78,39	77,88	78,51	79,04	78,62	78,22	78,93
Home	74,66	74,61	75,54	75,42	75,19	74,53	75,15
Muller	81,57	81,34	81,42	82,63	82,08	81,89	82,66
Pontevedra	77,30	77,32	77,39	77,77	77,84	77,78	78,29
Home	72,88	73,03	73,29	73,85	73,77	73,75	74,51
Muller	80,38	81,36	81,27	81,45	81,69	81,61	81,83
Total	77,32	77,26	77,71	78,07	77,92	77,58	78,45
Home	73,04	73,48	73,96	74,23	74,10	73,58	74,72
Muller	80,53	81,00	81,39	81,85	81,70	81,58	82,12

Fonte: Consellería de Sanidade, A nosa saúde en cifras

3.2.a.

Mulleres dadas de alta 1999: distribución segundo diagnóstico e provincia de residencia

	Total España	Galicia / España (%)	Total	A Coruña	Galicia Lugo	Ourense	Pontevedra
Enfermidades Infecciosas intestinais	13.532	2,51	339	142	36	32	129
Intoxicación alimentaria	2.852	4,24	121	30	18	11	62
Enfermidades diarreicas	8.667	0,99	86	45	1	7	33
Outras	2.013	6,56	132	67	17	14	35
Tuberculose	2.461	13,00	320	148	45	37	89
Tuberculose do aparato resp.	1.748	12,99	227	113	28	26	60
Outras	713	13,04	93	35	17	11	30
Outras enfermidades bacterianas	5.678	7,08	402	181	60	43	118
Infeccións meninxocócicas	569	5,80	33	12	9	1	11
Tétanos	14	28,57	4	2	-	-	2
Septicemia	3.451	7,62	263	123	41	33	65
Outras	1.644	6,20	102	44	10	9	39
Enfermidades por virus	8.120	8,04	653	224	83	64	282
Hepatitis vírica	1.746	9,05	158	61	21	13	62
Outras	6.374	7,77	495	162	62	51	220
Equinococosis	557	5,21	29	19	5	3	2
Otras enfermidades infecciosas	2.516	7,27	183	68	22	45	49
Tumores malignos	109.927	8,30	9.120	3.516	1.352	1.274	2.977
Do esófago	378	6,88	26	14	4	2	6
Do estómago	3.678	9,52	350	105	32	75	138
Do recto e canal anal	4.738	10,66	505	180	103	84	138
De larinxe	156	10,26	16	6	2	5	2
De Tráque, bronq. e pulmón	3.156	8,05	254	92	63	38	60
De mama	28.563	7,06	2.017	757	290	277	693
Do cuello do útero	3.655	17,73	648	302	71	71	203
Linfomas	4.476	8,74	391	154	32	43	162
Leucemias	3.276	7,78	255	58	36	56	105
Outros	57.850	8,05	4.659	1.848	718	624	1.469
Tumores benignos	44.809	8,21	3.677	1.247	527	518	1.385
Do útero	21.746	8,13	1.767	511	247	309	700
Outros	23.062	8,29	1.911	736	280	209	686
Carcinoma in situ	2.648	1,10	29	4	2	1	21
Tumores no especificados	14.895	5,13	764	266	91	165	241
Enf. de glánd. endocr.do metab. e alterac. inmunitarias	43.781	6,70	2.932	1.111	503	343	975
Alteracións da glándula tiroides	11.639	8,29	965	312	263	78	312
Diabetes	16.593	6,11	1.014	387	152	147	328
Outras	15.549	6,13	953	412	87	117	336
Deficiencias da nutrición	416	6,97	29	5	15	2	6
Enf. do sangue e dos órganos hematopoiéticos	18.571	6,53	1.213	436	196	175	406
Anemias	12.439	6,27	780	305	109	118	248
Outras	6.132	7,06	433	131	88	57	158
Trastornos mentais	47.536	5,79	2.751	1.018	391	385	957
Psicose	25.647	5,49	1.408	474	232	217	485
Transt. Neurót. e da personalidade	9.111	6,86	625	254	77	65	229
Síndrome da dependen. do alcol	1.487	6,39	95	46	7	10	31
Adición as drogas	1.118	7,78	87	31	5	10	41
Outros	10.172	5,26	535	213	71	82	170



3.2.b.

•/••

Mulleres dadas de alta 1999: distribución segundo diagnóstico e provincia de residencia

	Total España	Galicia / España (%)	Galicia				
			Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Enfermidades do sistema nervioso	32.288	7,29	2.355	838	353	313	852
Epilepsia	5.791	6,37	369	153	46	63	107
Outras	26.497	7,50	1.987	685	307	250	745
Enfermidades do ollo e seus anexos	70.528	5,35	3.772	1.939	410	332	1.091
Enfermidades do oído e da apófisis mastoideas	15.103	5,83	881	256	101	83	441
Enfermidades do aparato circulatorio	239.277	7,40	17.707	7.276	2.234	2.867	5.330
Febre reumática aguda	72	4,17	3	-	1	2	-
Enf. reumáticas crón. do corazón	4.901	7,04	345	162	52	37	94
Enf. Hiertensiva	11.854	9,41	1.115	463	107	201	345
Infarto agudo de miocardio	12.249	6,69	820	364	103	127	227
Outras enf. Isquémica do corazón	31.167	5,34	1.665	762	232	254	417
Pulmonar e outras enf. Do corazón	77.403	6,89	5.335	2.173	637	915	1.610
Enfermidade do cerebro-vascular	47.562	8,04	3.823	1.356	602	684	1.181
Flebitis, tromboflebitis, embolias e trombosis venosa	7.345	7,96	585	216	81	151	136
Varices dos membros inferiores	25.093	9,74	2.443	1.168	202	290	783
Outras	21.631	7,26	1.571	611	216	207	537
Enfermidades do aparato respiratorio	166.990	7,07	11.800	4.414	1.518	1.836	4.033
Enf. crón. das amígdalas e vexet.	14.971	6,39	956	397	99	42	417
Outras enf. das vías resp. superiores	27.038	5,98	1.617	696	179	184	557
Bronquite e bronquiolitis aguda	14.521	2,33	338	120	52	38	128
Neumonía	33.869	7,37	2.496	772	355	466	903
Bronq. Crón. non especific. enfisema e asma	33.267	8,68	2.888	1.022	442	534	890
Outras	43.323	8,09	3.505	1.406	389	572	1.138
Enf. da cavidade bucal, das glánd.saliv. e dos maxilares	10.968	4,24	465	185	61	86	132
Enfermidade dotras partes do aparato dixestivo	200.696	6,77	13.580	5.421	1.971	2.152	4.035
Úlceras gástrica e duodenal	6.962	6,31	439	161	59	89	130
Apendicite	19.517	8,13	1.586	613	283	173	517
Hernia da cavidade abdominal	32.594	6,01	1.959	708	317	321	613
Cirrosis e outras enf. Crónicas do fígado	7.147	8,03	574	259	65	65	184
Enf. da vesic. biliar e das vías biliares	51.247	6,32	3.239	1.348	508	477	906
Outras	83.230	6,95	5.784	2.333	738	1.029	1.684
Enfermidades do aparato urinario	46.950	5,73	2.691	958	370	409	955
Nefrite, síndrome nefrótico e nefrose	8.586	4,86	417	187	54	76	100
Cálculo urinario	8.007	6,14	492	152	61	89	190
Outras	30.357	5,87	1.782	618	254	244	665
Enfermidade dos órganos xenitais do home	-	-	-	-	-	-	-
Hiperplasia da próstata	-	-	-	-	-	-	-
Outras	-	-	-	-	-	-	-
Afeccións da mama	14.138	5,11	723	221	155	94	253
Afeccións dos órganos xenitais da muller	106.696	6,89	7.351	2.961	1.035	1.193	2.162
Enfermidades inflamatorias	3.482	8,18	285	116	35	44	90
Outras	103.214	6,85	7.065	2.845	1.000	1.149	2.072
Aborto	52.116	5,49	2.863	1.044	308	331	1.180
Causas obstétricas directas	261.890	5,81	15.222	5.746	1.388	1.659	6.429
Causas obstétricas indirectas	19.286	7,01	1.351	605	162	178	406
Parto normal	170.249	4,36	7.427	3.921	889	562	2.054
Enfermidades da pel e do tecido celular subcutáneo	21.366	7,61	1.627	567	235	220	604
Enf. do sistema osteomuscular e do tecido conxuntivo	140.470	6,25	8.775	2.720	1.144	1.039	3.873
Artrite reumat.,excep. a da columna vert.	2.120	6,08	129	56	30	8	35
Outras artropatías	32.145	8,33	2.677	856	367	392	1.062
Dorsopatías	19.313	5,81	1.122	375	131	131	485
Deformac. adquiridas dos membros	23.931	4,71	1.127	374	138	113	502
Outras	62.961	5,91	3.721	1.059	478	395	1.789
Anomalías conxénitas	15.181	5,49	834	298	91	76	369
Certas afeccións orixinadas no período perinatal	25.647	5,67	1.454	577	209	217	452
Crecim. fetal lento, desnutr. e inmad. fetal	9.425	4,93	465	184	55	51	175
Outras	16.222	6,10	989	393	153	165	278
Síntomas, signos e estados morbosos mal definidos	133.891	4,88	6.540	2.973	765	1.035	1.768
Fracturas	77.842	7,37	5.740	1.764	915	1.097	1.964
do cráneo e dos osos da cara	3.547	11,56	410	117	44	42	208
do pescozo e do tronco	11.174	9,01	1.007	293	170	182	363
dos membros superiores	16.427	5,89	968	250	118	238	361
dos membros inferiores	46.694	7,19	3.355	1.105	583	636	1.031
Luxacións, esguinces e desgarrs	10.002	9,14	914	187	102	129	496
Traumat. internos intracran.,intratorác. e intraabdom., incluso dos nervios	10.674	9,91	1.058	362	119	102	475
Feridas e traumatismos dos vasos sanguíneos	5.496	11,14	612	169	134	96	213
Queimaduras	1.927	10,79	208	67	43	16	82
Envenenamento e efectos tóxicos	5.977	6,81	407	160	28	69	149
Axentes medicinais	4.626	6,44	298	120	18	52	107
Outros	1.351	8,07	109	40	10	17	42
Outros traumatismos e envenenamentos	35.075	7,68	2.695	841	392	433	1.029
Altas de ingresos por outras causas	160.544	5,00	8.030	4.842	696	755	1.737
Examen médico,vac. e outras medidas profil.	29.400	3,89	1.145	796	79	80	189
Raz. sociais e ciruxía plást. por razóns cosméticas	1.329	1,58	21	21	-	-	-
Altas sen indica-lo diagnóstico	129.815	5,29	6.863	4.025	617	674	1.548
Tódolos diagnósticos	2.366.711	6,32	149.524	59.696	19.157	20.468	50.203

Fonte: INE, Encuesta de morbilidad hospitalaria

rios a longo prazo. Homes e mulleres teñen diferentes problemas médicos e sociais e, polo tanto, diferentes necesidades sanitarias.

Partindo dos datos rexistrados polo sistema de información e valoración sociosanitaria CMBD (Conxunto Mínimo Básico de Datos), obsérvase cáles son as principais características da hospitalización das mulleres galegas en centros sanitarios da nosa comunidade. Os datos da *Enquisa de morbilidade hospitalaria* do INE mostra as principais diferencias en canto a diagnósticos entre as mulleres galegas e as do resto do estado.

Se analizamos a continuación os datos da *Enquisa de morbilidade hospitalaria* do Sergas para o ano 1999, último ano dispoñible, referida ás **mulleres dadas de alta** segundo diagnóstico (**cadro 3.2.**) comprobamos que o principal diagnóstico entre as mulleres galegas e españolas dadas de alta foron as enfermidades do aparato circulatorio, sen embargo en segundo lugar no caso galego atópanse as causas obstétricas directas mentres que para o conxunto do Estado son as enfermidades do aparato dixestivo, que son o terceiro diagnóstico en importancia numérica no caso galego. Aínda que existe un claro paralelismo entre os diagnósticos a nivel galego e estatal, un dos datos que chama a atención á hora de comparalos diagnósticos é o das porcentaxes referidas a “tumores malignos”, en Galicia diagnosticáronse o 8,3% dos tumores malignos diagnosticados a nivel nacional. A porcentaxe de tumores diagnosticados a mulleres supera en case dous puntos en Galicia ó número de tumores diagnosticados no resto de España, sendo a provincia de A Coruña a que presenta un maior número de diagnósticos co 38,5% do total galego.

Atendendo á mortalidade causada por tumores malignos segundo á idade, o **cadro 3.3.**, mostra dita mortalidade entre as mulleres galegas nos anos 1991 e 1999. Obsérvase que o tumor maligno causante dun maior número de defuncións entre as mulleres galegas tanto no ano 1991 como no ano 1999 é o tumor maligno de mama con 384 defuncións no ano 1999, un 2,3% menos que no ano 1991, afectando nun 63% a mulleres de máis de 65 anos, mentas que no ano 1991, o 51% dos casos afectaba a mulleres de menos de 64 anos.

O segundo tumor en importancia en función do número de defuncións causadas é o tumor maligno de ovario con 114 casos no ano 1999, un 10,6% máis que no ano 1991, afectando, ó igual que no caso anterior, a maioría dos casos a mulleres de máis de 65 anos fronte ó ano 1991, onde o citado tumor afectaba nun 51% a mulleres de menos de 64 anos.

As defuncións causadas por tumores malignos entre as mulleres galegas creceron, no período analizado, un 9,6%, centrándose este crecemento entre as mulleres de máis de 65 anos, onde se observa un incrementado das defuncións por este motivo dun 21,4%, mentres que as defuncións causadas por tumores malignos entre as mulleres galegas de menos de 64 anos se reduciron nun 17,8% respecto do ano 1991.

O **cadro 3.4.** mostra a comparación entre a mortalidade de mulleres causada por tumores nas diferentes Comunidades Autónomas. A porcentaxe de defuncións causadas por tumores sobre o total de defuncións en Galicia, un 20,75%, está por debaixo da media estatal situada nun 20,98%; respecto a outras CC.AA destacar que esta porcentaxe oscila entre a mínima de Murcia, un 18,9% e a máxima da Comunidade de Madrid, dun 24,17%, sendo Galicia a décima Comunidade Autónoma por importancia das defuncións causadas por tumores sobre o total de defuncións de mulleres no ano 2000.

En termos absolutos Galicia oscila entre o cuarto e o quinto posto en canto a defuncións causadas por tumores entre as mulleres, por detrás da Comunidade Valenciana, Madrid, Cataluña e Andalucía.

Existe outro diagnóstico significativamente superior nas mulleres galegas, os traumatismos internos, con máis de dous puntos de diferenza respecto á porcentaxe do conxunto do Estado.

Tal como se mostra no **cadro 3.5.**, a principal causa de morte nas mulleres, tanto en Galicia como no resto de España, no ano 2000 foron as patoloxías relacionadas co sistema circulatorio. Os tumores e as enfermidades do aparato respiratorio ocupan o segundo e terceiro lugar, respectivamente, en canto a causas de mortalidade.



3.3.

Mortalidade de mulleres 1991-99 a causa de tumores: distribución segundo idade e tumor

	1991			1999		
	Total	<64 anos	>65 anos	Total	<64 anos	>65 anos
Tumor maligno de mama	393	201	192	384	142	242
Tumor maligno do útero nsp	76	18	58	52	15	37
Tumor maligno colo do útero	38	26	12	46	23	23
Tumor maligno da vulva	-	-	-	22	1	21
Tumor maligno corpo do útero	44	13	31	52	14	38
Tumor maligno ovario	103	53	50	114	34	80
Tumor maligno xenit fem ncc/nsp	37	7	30	11	3	8
Tumor maligno da vexiga	32	3	29	46	2	44
Total tumores	2.516	758	1.758	2.758	623	2.135
Total defuncións	13.315	1.757	11.558	14.389	1.326	13.063

Fonte: INE, Defunciones según la causa de muerte

3.4.

Defuncions de mulleres nas CC.AA. 2000 a causa de tumores: distribución segundo tipo de tumor

	Total tumores	Tumor mg da mama	Tumor mg colo do útero	Tumor mg outras partes do útero	Tumor mg do ovario	Tumor mg órganos xenitais fem	Tumor mg da vexiga	Total defuncions	tumores/total defuncions (%)
Andalucía	5.494	852	111	169	255	76	106	28.722	19,13
Aragón	1.214	202	11	34	47	25	23	5.836	20,80
Asturias	1.225	187	30	47	50	13	30	6.034	20,30
Baleares	684	119	14	29	35	9	16	3.471	19,71
Canarias	1.214	196	31	49	48	12	22	5.367	22,62
Cantabria	500	88	6	18	18	6	5	2.574	19,43
Castela e León	2.634	360	33	98	113	40	44	12.027	21,90
Castela-A Mancha	1.545	231	20	54	72	31	41	8.128	19,01
Cataluña	5.780	1.016	97	199	266	76	113	26.693	21,65
Comunidade Valenciana	3.506	553	74	125	167	44	80	17.243	20,33
Extremadura	965	152	10	18	52	11	19	4.956	19,47
Galicia	2.935	413	50	101	126	36	54	14.142	20,75
Madrid	4.404	733	63	133	207	38	87	18.223	24,17
Murcia	821	136	13	30	32	10	21	4.344	18,90
Navarra	523	72	3	16	15	4	9	2.346	22,29
País Vasco	1.998	312	25	72	86	29	43	8.441	23,67
A Ríoxa	245	30	1	10	8	1	6	1.156	21,19
Ceuta e Melilla	88	11	2	4	4	1	1	411	21,41
Estranxeiro	85	14	3	-	4	-	1	809	10,51
Total España	35.860	5.677	597	1.206	1.605	462	721	170.923	20,98

Fonte: INE, Defunciones según la causa de muerte

O 63,1% das defuncions totais de mulleres ó longo do ano 2000 en Galicia tiveron coma causa enfermidades do sistema circulatorio ou tumores. Esta porcentaxe a nivel estatal descende ata o 61,1%; por outra banda, salienta o feito de que o 71,1% do total de defuncions por enfermidades do sistema osteomuscular e do tecido conxuntivo no ano 2000 en Galicia, foron de mulleres.

A nivel provincial destacar que o 63,6% das mulleres falecidas na provincia de A Coruña no ano 2000 corresponden ás causas anteriormente citadas, sendo as porcentaxes para as provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra o 62,6%, 64% e o

62,1% respectivamente, todas elas, polo tanto, por encima da media estatal.

Tendo en conta a distribución por idades, o **cadro 3.6.** mostra como a mortalidade polas principais causas de defunción entre as mulleres afecta especialmente, no caso das enfermidades do aparato respiratorio e circulatorio, ás mulleres maiores de 84 anos, mentres que a morte por tumores é especialmente importante entre as mulleres de 65 a 84 anos. Esta distribución por idades mantense inalterada a nivel provincial.

Outro dos aspectos fundamentais á hora de

3.5.

Defuncións en Galicia 2000: distribución segundo a causa da morte

	Total Galicia		Total Mulleres	% Mulleres/Total	Mulleres			
					A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Enfermidades infecciosas e parasitarias	437	41,65	182		83	22	20	57
Tumores	7.375	39,80	2.935		1.131	458	431	915
Enf. do sangue e do órg. hemat. e certos trast. que afectan mecan. inmunitade	42	85,71	36		12	7	10	7
Enfermidades endocrinas, nutricionais e metabólicas	715	56,50	404		161	69	56	118
Trastornos mentais e do comportamento	884	66,18	585		187	130	90	178
Enfermidades do sistema nervioso e dos órganos dos sentidos	663	57,32	380		143	75	56	106
Enfermidades do sistema circulatorio	11.041	54,29	5.994		2.324	1.035	986	1.649
Enfermidades do sistema respiratorio	3.932	43,31	1.703		624	295	269	515
Enfermidades do sistema dixestivo	1.210	49,75	602		231	75	98	198
Enfermidades da pel e do tecido subcutáneo	99	66,67	66		34	7	8	17
Enfermidades do sistema osteomuscular e do tecido conxuntivo	187	71,12	133		53	29	22	29
Enfermidades do sistema xentourinario	443	59,82	265		87	38	38	102
Embarazo, parto e puerperio	1	-	-		-	-	-	-
Afeccións orixinadas no período perinatal	19	84,21	16		7	1	1	7
Malformacións conxénitas, deformidades e anomalías cromosómicas	47	61,70	29		13	3	1	12
Síntomas, signos e achados anormais clínicos e de laboratorio	758	59,23	449		184	79	68	118
Causas externas de mortalidade	1.440	25,21	363		152	55	58	98
Tódalas causas	29.293	48,28	14.142		5.426	2.378	2.212	4.126

Fonte: INE, Defunciones según la causa de muerte



3.6.

Defuncións de mulleres 1999: distribución segundo grupos de idade, causa e provincia de residencia

	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Tumores	Ap. Circulatorio	Tumores	Ap. Circulatorio	Tumores	Ap. Circulatorio	Tumores	Ap. Circulatorio	Tumores	Ap. Circulatorio
Menores de 1 ano	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
De 1 a 4	1	-	-	-	-	-	-	-	1	-
De 5 a 14	4	1	1	-	-	-	-	-	1	-
De 15 a 24	9	4	4	-	1	-	-	-	3	-
De 25 a 34	19	11	6	4	1	-	-	-	4	-
De 35 a 44	82	23	40	14	10	3	2	2	6	1
De 45 a 54	194	53	79	21	5	5	3	3	22	5
De 55 a 64	314	109	135	42	16	4	23	1	102	28
De 65 a 74	692	584	272	246	94	33	82	25	217	162
De 75 a 84	877	2.037	334	824	379	112	303	90	243	157
Máis de 84 anos	566	3.571	236	1.355	606	170	622	161	144	289
Total Mulleres	2.758	6.394	1.107	2.506	1.102	324	1.040	277	816	1.746
Total Galicia	7.375	11.041	2.925	4.324	1.968	750	1.791	628	2.200	2.953
Mulleres/ Total (%)	37,40	57,91	45,04	57,96	56,00	43,20	58,07	44,11	37,09	59,13

Fonte: INE. Defunciones según la causa de muerte

3.7.

Denuncias por malos tratos ás mulleres nas CC.AA. 2000

CC.AA	Pob. Fem/ Total pop. Fem. España (%)	Nº de denuncias	% total España (%)
A Ríoxa	0,64	120	0,54
Ceuta	0,18	137	0,61
Navarra	1,32	138	0,62
Meiella	0,16	223	1,00
Cantabria	1,32	272	1,21
Aragón	2,92	406	1,81
Baleares	2,06	511	2,28
Estremaura	2,60	528	2,36
Asturias	2,71	569	2,54
Cast. Mancha	4,22	748	3,34
Cast. León	6,08	998	4,46
Muicia	2,80	1.111	4,96
Galicia	6,86	1.189	5,31
Canarias	4,17	1.877	8,38
Com. Valencía	10,16	2.053	9,17
Cataluña	15,49	2.593	11,58
Madrid	13,08	4.030	17,99
Andalucía	18,04	4.894	21,85
Total España	100,00	22.397	100,00

Fonte: Servicio Galego de Igualdade, A violencia de xénero en Galicia: Plan de acción 2002-2005

3.8.

Denuncias por malos tratos á muller 1998-2002: distribución segundo tipo de denuncia e corpo no que se presentou

	Policía Nacional			Policía Xudicial			Policía Autonómica			Total denuncias		
	Delictos	Faltas	Total	Delictos	Faltas	Total	Delictos	Faltas	Total	Delictos	Faltas	Total
1998	387	674	1.061	-	-	-	76	167	243	463	841	1.304
1999	288	350	638	-	-	-	68	224	292	356	574	930
2000	242	333	575	170	398	568	74	252	326	486	983	1.469
2001	209	350	559	178	557	735	40	185	225	427	1.092	1.519
2002	194	487	681	179	186	365	66	228	294	439	901	1.340
Total acumulado	1.320	2.194	3.514	527	1.141	1.668	1.668	1.668	3.336	3.515	5.003	8.518

Fonte: Servicio Galego de Igualdade.

3.9.

Delictos coñecidos de abuso, acoso e agresión sexual nas CC.AA. 2002: distribución segundo tipo (1)

	Abuso sexual	Abuso sexual con penetración	Acoso sexual	Agresión sexual	Agresión sexual con penetración	Total
Andalucía	309	21	58	320	218	926
Aragón	39	3	5	53	42	142
Asturias	37	3	6	46	19	111
Baleares	78	8	23	92	47	248
Canarias	162	15	33	175	124	509
Cantabria	19	-	2	17	15	53
Castela e León	73	4	13	85	39	214
Castela-A Mancha	45	1	10	67	46	169
Cataluña (2)	176	18	34	309	172	709
Comunidade Valenciana	218	24	43	294	171	750
Extremadura	36	1	3	28	25	93
Galicia	66	4	13	111	40	234
Madrid	240	12	64	343	237	896
Muicia	49	5	6	87	46	193
Navarra	15	2	2	25	9	53
Pais Vasco (2)	64	5	17	136	20	242
A Ríoxa	7	1	-	18	13	39
Ceuta	12	-	2	8	4	26
Meiella	6	1	-	12	9	28
Total España	1.651	128	334	2.226	1.296	5.635

(1) Datos acumulados ata novembro

(2) No País Vasco, Xerona e Lleida só se inclúen datos en relación coas denuncias presentadas ante os Corpos e forzas de seguridade do Estado

Fonte: Instituto de la Mujer, Mujeres en cifras [http://www.mtas.es/mujer/mcifras/violencia.htm (última revisión: 01-02-2003)]



3.10.

Casos acumulados de sida 1984-2001: distribución segundo grupo de transmisión e sexo

Grupo de transmisión	Mulleres		Homes	
	total casos	%	total casos	%
Homo/bisexual masculino	-	-	226	9,89
Toxicómano vía IV	377	61,10	1.592	69,64
Receptores hemoderivados	7	1,13	49	2,14
Transfusións	11	1,78	18	0,79
Contacto heterosexual	191	30,96	316	13,82
Transmisión vertical	8	1,30	3	0,13
Outros	23	3,73	82	3,59
Total	617		2.286	

Fonte: Rexistro Galego da Sida

analiza-la situación social da muller en Galicia é o que respecta á **violencia doméstica**, neste senso, o **cadro 3.7.** mostra o número de denuncias por malos tratos a mulleres presentadas en Galicia ó longo do ano 2000, estas ascenderon a 1.189, o que representa o 5,3% do total de denuncias presentadas en España. Esta cifra sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma na que se presentan un maior número de denuncias, por detrás de Andalucía, Madrid, Cataluña, a Comunidade Valenciana e Canarias.

Desagregando as denuncias por malos tratos a mulleres por tipo de denuncia e por corpo policial no que se presentou (**cadro 3.8.**), destaca que das 8.518 denuncias por delitos e faltas de malos tratos a mulleres, presentadas en Galicia no período 1998-2002, o 41% presentáronse ante a Policía Nacional, o 39% ente a Policía Autonómica, e o 30% restante ante a Policía Xudicial. O total de denuncias presentadas no ano 2002 incrementouse en relación ó ano 1998 nun 2,7% a causa do incremento do 7,1% do total de denuncias por faltas e da diminución das denuncias por delitos nun 5,1%.

No que respecta ós delitos coñecidos de abuso, acoso e agresión sexual, o **cadro 3.9.** mostra o número acumulado ata novembro do ano 2002, nas diferentes Comunidades Autónomas. Galicia presenta un total de 234 delitos coñecidos, sendo a oitava Comunidade Autónoma en orde de importancia dos delitos sinalados, sendo as agresións sexuais con 111 casos os delitos máis numerosos, manténdose esa tendencia na maioría das Comunidades Autónomas.

As estratexias e obxectivos do *Plan Integral de atención sanitaria á muller* están dirixidas ós

profesionais dos centros e institucións sociais e sanitarias galegas, que ten como obxectivo último a eliminación dos factores de discriminación social.

A infección polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH) e a síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) son un importante problema de saúde para as mulleres.

En comparación con outras comunidades autónomas, Galicia ocupa un posto intermedio, cunha taxa en 1996 de 128 casos por millón de habitantes, lixeiramente inferior ó total de España (149,8 casos por millón).

O número total de casos contabilizados dende 1984 ata xaneiro de 2002 a través do Rexistro Galego da Sida é de 2.903, o 78,7% son de sexo masculino aínda que a proporción de mulleres afectadas vai en aumento respecto ós primeiros anos da epidemia.

En xeral, a vía de transmisión máis frecuente está relacionada co uso de drogas por vía parenteral, seguida da transmisión heterosexual, e a transmisión entre homes homosexuais/bisexuais (**cadro 3.10.**). Neste senso, o 61% das mulleres e o 69% dos homes infectados no período 1984-2001 son persoas toxicómanas vía intravenosa. Por outra banda o 31% das mulleres e o 14% dos homes no período sinalado, contraeron a enfermidade a través de contactos heterosexuais.

O **cadro 3.11.** mostra os casos de sida de mulleres por tipo de transmisión na serie 1984-2001, salientando o feito de que a pesar de que, dende o ano 1995, existe un progresivo descenso dos casos de sida causado polo consumo de drogas

3.11.

Casos de Sida en mulleres 1984-2001: distribución segundo grupo de transmisión

	Consumo drogas inixectables	Heterosexuais	Recp. Hemoderivados	Recp trasfusións	Trasmisión vertical	Outros/ descoñecidos	Total
1984	-	-	-	-	-	-	-
1985	1	-	-	-	-	-	1
1986	6	-	-	-	-	-	6
1987	4	2	-	-	-	1	7
1988	16	1	-	-	-	-	17
1989	11	7	-	1	2	-	21
1990	28	6	-	1	1	-	36
1991	35	6	-	1	-	2	44
1992	34	14	2	-	1	-	51
1993	33	11	1	1	-	2	48
1994	47	18	1	2	-	1	69
1995	45	34	-	2	1	1	83
1996	33	31	-	1	1	4	70
1997	32	24	2	-	2	4	64
1998	18	8	-	-	-	4	30
1999	10	10	1	1	-	-	22
2000	16	11	-	-	-	3	30
2001	8	8	-	1	-	1	18
Total	377	191	7	11	8	23	617

Fonte: Rexistro Galego da Sida

3.12.

Fumadores diarios : distribución segundo grupos de idade e sexo

	Homes	Mulleres	Total
	(%)		
18-24 anos	43	43,8	43,4
25-44 anos	54	39,3	46,6
45-64 anos	32	8,8	19,8
máis 65 anos	19	-	8,6

Fonte: Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Plan integral de atención sanitaria e social á muller

inixectables, esta segue a se-la causa de contaxio máis importante entre as mulleres galegas, acadando na serie 377 casos, estando en segundo lugar en importancia os casos provocados por contaxio en relacións heterosexuais, 191 casos acumulados na serie; no ano 2001 os casos de sida por consumo de drogas inixectables e os probocados por contaxio heterosexual igualáronse (8 casos).

O tabaquismo é un dos principais problemas de saúde entre as mulleres tanto en países desenvolvidos, onde incluso a porcentaxe de mulleres fumadoras superou ós homes, como en países en vías de desenvolvemento.

En Galicia, entre os maiores de 12 anos, fuma o 37% da poboación masculina e o 21,5% das mulleres. Analizando o consumo de tabaco en Galicia segundo estratos de idade e sexo (**cadro 3.12.**), apréciase que as mulleres de 18 a 24 anos igualan ós homes no hábito de consumo diario de tabaco. Este consumo diario implica ó 20% da

poboación galega entre os 12 e os 18 anos, a partir de aquí ascende rapidamente o consumo, sendo máximo entre os 19 e 39 anos. A idade media de inicio no consumo de tabaco entre as mulleres é de 16,6 anos, superando en seis meses a idade media de inicio entre os homes.

No que respecta ós trastornos da conducta alimentaria, nos últimos anos na nosa Comunidade Autónoma, foron hospitalizadas 163 persoas con anorexia nerviosa e 17 con bulimia, tal como se mostra no **cadro 3.13**. No período analizado prodúcese un incremento continuo no número de casos, correspondendo o 96,3% dos casos de anorexia e o 100% dos de bulimia a mulleres.

En relación ás interrupcións voluntarias do embarazo, nos últimos 10 anos notificáronse un total de 17.154 abortos, dos que un 56,63% foron realizados en centros sanitarios galegos e o 46,37% realizáronse fóra da nosa comunidade. Tal como se mostra no **cadro 3.14.**, as interrupcións



3.13.

Altas hospitalarias codificadas como anorexia nerviosa ou bulimia 1994-1997: distribución segundo sexo

	Anorexia			Bulimia		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
1994	1	12	13	-	1	1
1995	1	36	37	-	1	1
1996	4	39	43	-	12	12
1997	-	70	70	-	3	3
Total	6	157	163	-	17	17

Fonte: Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Plan integral de atención sanitaria e social á muller

3.14.

Interrupcións voluntarias do embarazo 1999-2000: distribución segundo comunidade autónoma de residencia (1)

	1999	2000
Andalucía	5,49	6,19
Aragón	7,28	7,83
Asturias	6,95	8,38
Baleares	11,84	13,56
Canarias	7,22	8,04
Cantabria	4,00	3,92
Castela - A Mancha	4,67	4,35
Castela e León	5,85	5,63
Cataluña	8,59	9,67
Comunidade Valenciana	6,00	6,82
Extremadura	3,70	4,27
Galicia	3,81	3,97
Madrid	8,72	8,90
Murcia	5,64	7,96
Navarra	2,96	3,63
País Vasco	3,04	3,55
A Rioxa	6,28	6,55
Ceuta e Melilla	2,96	2,53
Total	6,52	7,14

(1) Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos

Fonte: Ministerio de Sanidad y Consumo Interrupción voluntaria del embarazo

3.15.

Interrupcións voluntarias do embarazo Galicia 2000: distribución segundo tipo de centro e grupos de idade

	Total	< 15 anos	15-24 anos	25-34 anos	35-44 anos	> 45 anos
Total I.V.E	2.283	4	920	908	439	12
Centro hospitalario	215	1	73	89	52	-
Público	-	-	-	-	-	-
Privado	215	1	73	89	52	-
Centro extrahospitalario	2.068	3	847	819	387	12
Público	-	-	-	-	-	-
Privado	2.068	3	847	819	387	12

Fonte: Ministerio de Sanidad y Consumo Interrupción voluntaria del embarazo

voluntarias do embarazo practicadas en Galicia a mulleres sobre o total estatal pasaron de representa-lo 3,8 por mil no ano 1999 ás 3,9 por mil no ano 2000, situándose Galicia no grupo de cinco Comunidades Autónomas onde esta porcentaxe de interrupcións voluntarias do embarazo está por debaixo das 4 por mil.

En termos absolutos, o **cadro 3.15.** mostra o número de interrupcións voluntarias do embarazo realizadas por mulleres galegas no ano 2000 distribuídas segundo tipo de centro e idade. Do total de 2.283 interrupcións practicadas no ano 2000, o 90,5% realizáronse en centros extrahospitalarios privados e o 9,5% restante en centros hospitalarios

3.16.

Sistemas de control da natalidade nas CC.AA. 1997

	Interrup.	Ogino	Preser.	Diafrag.	Pilula	DIU	Esteril.	Outro	Ningún	Ns/Nc
					(%)					
Madrid	1,1	1,2	19,0	1,4	9,7	3,5	3,2	-	51,0	9,6
Cataluña	2,5	0,5	23,0	1,5	11,0	3,2	3,3	-	52,0	3,7
Baleares	1,3	-	17,0	1,0	11,0	4,7	4,0	-	55,0	5,3
País Vasco	0,5	0,6	22,0	0,4	11,0	5,3	8,9	0,3	49,0	2,0
Navarra	1,7	0,7	19,0	1,3	8,0	3,0	3,0	-	59,0	5,0
A Rioxa	4,7	1,0	24,0	1,7	10,0	1,7	1,3	-	50,0	5,3
Aragón	1,9	3,0	16,0	1,5	8,2	2,0	2,7	-	58,0	6,3
Cantabria	1,7	1,3	19,0	1,3	10,0	2,3	3,0	0,3	57,0	3,7
C. Valenciana	5,5	0,6	27,0	0,6	7,9	2,4	1,2	-	51,0	3,1
Canarias	3,6	0,5	24,0	1,3	14,0	3,8	2,5	0,3	36,0	14,0
Asturias	3,3	0,7	21,0	-	8,1	8,1	7,0	-	47,0	4,4
Castela León	2,1	1,3	20,0	0,6	9,3	2,5	2,4	0,1	54,0	7,4
Galicia	4,0	1,6	15,0	0,6	11,0	1,8	0,8	0,4	51,0	14,0
Murcia	1,3	-	17,0	0,3	13,0	0,3	0,7	-	52,0	15,0
Castela- A Mancha	4,6	1,4	16,0	0,4	6,4	1,6	1,8	-	65,0	3,3
Andalucía	3,6	1,5	19,0	1,0	6,0	2,2	3,0	0,3	53,0	11,0
Extremadura	7,0	0,3	23,0	0,2	4,8	1,2	1,0	-	62,0	0,5
Total	3,0	1,0	20,0	0,9	9,1	2,9	3,0	0,1	52,0	7,3

Fonte: Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, Plan integral de atención sanitaria e social á muller

privados. O 80,2% das mulleres ás que se lle practicou a interrupción do embarazo tiñan entre 15 e 34 anos.

Os servizos de anticoncepción ofrécense, polo que se refire ó sistema público, fundamentalmente a través de dous dispositivos: os centros de orientación familiar e os servizos de atención primaria. Por comunidades autónomas, os métodos de control da natalidade máis utilizados quedan recollidos no **cadro 3.16.**, onde se pode apreciar que o 51% da poboación galega non utiliza ningún método anticonceptivo.

O seguimento e control do embarazo xunto coa atención ó parto é un aspecto fundamental de calquera plan de atención á muller. En Galicia non existe un protocolo mínimo e compartido sobre coidados prenatais.

Á vista da experiencia noutras Comunidades Autónomas, parece desexable que o seguimento do embarazo se realice baixo a fórmula do que se denomina coidados compartidos. Isto implica un seguimento compartido entre atención primaria e especializada en función de protocolos pactados e cun intercambio fluído de información entre ambos niveis.

A menopausa está adquirindo un gran protagonismo debido basicamente á elevada porcentaxe de mulleres nesta situación en Galicia, ó incremento da esperanza de vida, e polo feito de que

este período está asociado a unha alta taxa de mortalidade.

O cancro de mama é a neoplasia máis frecuente e a primeira causa de morte por cancro nas mulleres da Unión Europea.

O programa galego de detección precoz do cancro de mama ten como obxectivo principal reduci-la mortalidade por cancro de mama en mulleres de 50 a 64 anos nunha porcentaxe superior ó 25% ó cabo de seis anos da implantación completa do programa.

A poboación obxecto de estudo son tódalas mulleres residentes en Galicia de 50 a 64 anos. A proba de cribado consiste na realización de mamografías, proba que se repite cada dous anos.

No que respecta ós centros de saúde, consultorios e servizos básicos e de apoio no medio urbano e rural o **cadro 3.17.** mostra estes valores para o ano 2002. Considerando medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada na agricultura, gandería e forestal superior ó 15% da poboación ocupada total, o 25% do total das mulleres galegas con idades comprendidas entre 15 e 45 anos residen no medio rural, das que o 63% residen en concellos nos que a poboación ocupada na agricultura oscila entre un 20% e un 40% da poboación ocupada total. No medio rural galego existen 218 centros de saúde, o 56% dos



3.17.

Recursos humanos en atención ordinaria 2002: servicios básicos e servicios de apoio e especiais

	Servicios básicos		Servicios de apoio e especiais	
	Medico xeral	Pediatría	Matrona	Psicólogo
Total provincia de A Coruña	587	160	76	9
Medio urbano	419	103	45	9
Medio rural	143	49	28	0
15% - 20%	25	6	3	0
20% - 40%	81	24	17	0
>40%	37	19	8	0
No existen datos	25	8	3	0
Total provincia de Lugo	289	50	7	3
Medio urbano	100	20	4	3
Medio rural	189	30	3	0
15% - 20%	5	1	0	0
20% - 40%	54	14	2	0
>40%	130	15	1	0
Total provincia de Ourense	252	38	9	5
Medio urbano	59	11	4	4
Medio rural	190	27	5	1
15% - 20%	17	4	0	0
20% - 40%	141	22	5	1
>40%	32	1	0	0
No existen datos	3	0	0	0
Total provincia de Pontevedra	491	132	60	0
Medio urbano	414	107	47	0
Medio rural	73	23	12	0
15% - 20%	24	9	7	0
20% - 40%	41	11	4	0
>40%	8	3	1	0
No existen datos	4	2	1	0
Total Galicia	1.619	380	152	17
Medio urbano	992	241	100	16
Medio rural	595	129	48	1
15% - 20%	71	20	10	0
20% - 40%	317	71	28	1
>40%	207	38	10	0
No existen datos	32	10	4	0

(1) Para a elaboración deste informe considérase medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada na agricultura, gandería e forestal superior ó 15% da poboación ocupada total

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de *Sergas, Guía de servicios 2002*

centros de saúde totais existentes na Comunidade Autónoma, destacando neste eido a provincia de Ourense onde os centros de saúde rurais representan o 77% do total existente na provincia (78 centros de saúde rurais).

No que respecta ós consultorios, dos 100 existentes en Galicia, 52 están emprazados no medio rural, destacando a provincia de A Coruña, onde dos 53 consultorios existentes a nivel provincial, 24 pertencen ó medio rural. En relación ós servicios de pediatría e matronas, existen a nivel Galicia 380 e 152 respectivamente; tendo en conta o número de mulleres con idades comprendidas entre 15 e 45 anos, o número de pediatras por cada 1.000 mulleres en idade fértil oscila entre os 0,7 da provincia de Lugo e ós 0,6 das tres provincias restantes; o número de pediatras por cada 1.000 mulleres en idade fértil residentes no medio rural ascende, oscilando entre 1,07 pediatras por cada 1.000 mulleres resi-

dentes no medio rural na provincia de A Coruña e os 0,5 da provincia de Ourense.

En relación ó número de matronas por cada 1.000 mulleres entre 15 e 45 anos, oscila entre as 0,3 da provincia de A Coruña e as 0,1 da provincia de Ourense, o número de matronas existentes no medio rural por cada 1.000 mulleres en idade fértil residentes no medio rural, oscila entre as 0,6 da provincia de A Coruña e as 0,1 da provincia de Lugo, onde só existen 3 madronas no medio rural da provincia.

Condicións educativas

O obxectivo deste apartado é a análise da educación en Galicia en comparación ca media estatal, e, en concreto, trátase de analiza-lo grao de inclusión da muller galega nos diferentes niveis educativos.

3.18.

Alumnos matriculados en centros de ensino nas CC.AA. nos cursos 1999-2000 e 2000-01 (1)

	curso 99-00	curso 00-01	00-01 / 99-00 (%)
Andalucía	1.440.470	1.426.791	-0,9
Aragón	179.119	176.774	-1,3
Asturias	153.301	146.593	-4,4
Baleares	140.397	141.496	0,8
Canarias	341.364	339.344	-0,6
Cantabria	84.816	82.794	-2,4
Castela e León	389.543	378.810	-2,8
Castela - A Mancha	316.344	312.860	-1,1
Cataluña	1.002.858	991.863	-1,1
C. Valenciana	691.187	690.643	-0,1
Extremadura	204.283	199.499	-2,3
Galicia	427.781	413.016	-3,5
Madrid	897.233	890.176	-0,8
Murcia	231.532	229.965	-0,7
Navarra	82.532	80.895	-2,0
País Vasco	321.523	312.976	-2,7
Rioxa	42.374	41.672	-1,7
Ceuta	15.757	15.720	-0,2
Melilla	14.912	15.209	2,0
Total	6.977.326	6.887.096	-1,3

(1) inclúe o alumnado matriculado en E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/Preescolar, ESO, BUP, COU, Bach. LOGSE, Bach. Experimental, FP, Garantía Social, Ciclos Formativos/Mód. Profesionais, e Ed. Especial.
Non inclúe os alumnos de E. a distancia
Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Estadísticas de la educación en España

Para esta análise tense en conta os datos proporcionados polo Ministerio de Educación, así como pola Consellería de Educación e as tres universidades galegas.

O número de **alumnos matriculados nos centros non universitarios** en Galicia no curso 2000-2001 ascendeu a 413.016, o que supón, tal como mostra o **cadro 3.18.**, un descenso nas matrículas do 3,5%, sendo este a segunda maior porcentaxe de descenso de matrículas en todo o Estado, por detrás unicamente de Asturias. Un descenso no número de matrículas que porcentualmente está moi por encima da media estatal que é do 1,3%.

Este maior descenso nas matriculacións en Galicia fai que o peso no conxunto do estado pase do 6,1% do total de matriculados no curso 1999-2000, ó 5,9% no curso seguinte. Sen embargo, en termos absolutos Galicia é a quinta comunidade autónoma en número de alumnos matriculados nos centros non universitarios, por detrás de Andalucía, Cataluña, Madrid e a Comunidade Valenciana.

As taxas netas de escolaridade en ensinanzas de réxime xeral non universitarias en Galicia

(**cadro 3.19.**) mostran como o 100% dos nenos de 14 e 15 anos están escolarizados, sendo a taxa de escolaridade máis reducida a dos nenos de 3 anos, que é do 86,6%. En relación ás taxas de escolaridade netas estatais Galicia está por encima da media na escolarización dos nenos de 3, 16 e 17 anos, igual na escolarización dos nenos de 14 e 15 anos, e por debaixo da media na escolarización dos nenos de 4 e 5 anos.

En relación ó curso 1994-95 as taxas de escolarización creceron en tódalas idades analizadas, destacando o incremento de máis de dez puntos porcentuais da taxa de escolaridade dos nenos de 3 anos.

Desagregando a análise por sexos, as taxas de escolarización das nenas galegas é para tódalas idades maior que a dos nenos agás para as nenas de 14 e 15 anos con 0,5 e 0,3 puntos porcentuais menos que a taxa de escolarización masculina, reducíndose as diferencias a favor das mulleres que existían no curso 1994-95, neste senso os incrementos nas taxas de escolarización masculinas en tódalas idades entre os cursos 1994-95 e 1999-00 son maiores que os incrementos nas taxas, xa elevadas, de escolarización feminina, o que supón unha converxencia entre as taxas de



3.19.

Taxas netas de escolaridade en Galicia e España en ensinanzas de Réxime Xeral non universitarias 1994-1995 e 1999-2000: distribución segundo idades

	3 anos		4 anos		5 anos		14 anos		15 anos		16 anos		17 anos	
	1994-95	1999-00	1994-95	1999-00	1994-95	1999-00	1994-95	1999-00	1994-95	1999-00	1994-95	1999-00	1994-95	1999-00
Ambos sexos														
España	57,4	84,1	100,0	99,3	100,0	100,0	100,0	100,0	94,1	99,4	81,1	87,2	73,4	76,4
Galicia	75,0	86,6	100,0	97,4	100,0	99,1	100,0	100,0	95,8	100,0	87,5	94,0	81,8	86,5
Homes														
España	56,4	83,3	100,0	98,7	100,0	100,0	100,0	100,0	93,7	99,2	78,3	84,3	69,4	72,4
Galicia	73,3	86,0	100,0	100,0	100,0	100,0	98,5	100,0	92,3	100,0	76,8	86,9	73,5	73,1
Mulleres														
España	58,4	85,0	100,0	99,8	100,0	100,0	100,0	100,0	94,5	99,6	84,1	90,4	77,5	80,6
Galicia	76,9	87,3	100,0	100,0	100,0	100,0	96,9	99,5	94,2	99,8	83,0	92,5	82,2	81,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Las cifras de la educación en España

3.20.

Taxa de alumnado en Galicia e España que ós doce anos completou a Educación Primaria 1994-95 e 1999-2000: distribución segundo sexo

	Total		Nenos		Nenas	
	1994/95	1999/2000	1994/95	1999/2000	1994/95	1999/2000
España	79,7	87,5	76,0	85,1	83,6	91,0
Galicia	78,9	85,7	74,2	82,2	84,1	89,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Las cifras de la educación en España

3.21.

Situación do alumnado de 15 anos no sistema educativo en Galicia e España 1999-2000: distribución segundo sexo

	% Alcanza 4º E.S.O con 15 anos	% Acumula retrasos antes de 4º E.S.O.		
		Total	% acumulou retrasos en E. Primaria	% acumulou retrasos por primeira vez en E.S.O.
Ambos sexos				
España	63,9	36,1	14,5	21,6
Galicia	60,6	39,4	15,9	23,5
Homes				
España	57,5	42,5	17,3	25,2
Galicia	51,5	48,5	19,8	28,7
Mulleres				
España	70,5	29,5	11,4	18,1
Galicia	70,2	29,8	11,7	18,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, Las cifras de la educación en España

escolarización masculinas e femininas, próximas en xeral, ó 100%.

Finalmente destacar que as taxas de escolarización feminina en Galicia son iguais ou superiores á media estatal, agás nas nenas de 14 anos, onde en Galicia a taxa de escolaridade é do 99,5% mentres que a media estatal sitúase no 100%.

No que respecta á educación primaria, a porcentaxe de alumnado que ós doce anos completou este tramo da súa educación en Galicia no curso

1999-2000 foi do 85,7%, por debaixo da media estatal que se sitúa no 87,5%. Desagregando por sexos, a porcentaxe dos nenos é do 82,2% mentres que a das nenas é do 89,1%, ámbalas dúas por debaixo da media estatal (**cadro 3.20.**)

Por outra banda, o 60,6% do alumnado en Galicia alcanza 4º de E.S.O con 15 anos, estando o 39,4% dos nenos escolarizados con esa idade en cursos anteriores, o 23,5% acumula retrasos por primeira vez na E.S.O, e o 15,5% acumulou retrasos na educación primaria. Desagregando por

3.22.

Alumnado de C.O.U e alumnado de Bacharelato en Galicia e España 1999-2000: taxas segundo modalidade

	C.O.U				Bacharelato LOGSE			
	Científico-Tecnolóxica	Biosanitaria	Ciencias sociais	Humanístico-Lingüística	Artes	Ciencias da natureza e a saúde	Humanidades e ciencias sociais	Tecnoloxía
Ambos sexos								
España	30,5	25,2	27,5	16,8	3,6	38,3	46,4	11,7
Galicia	34,0	23,9	24,1	18,0	2,8	39,9	37,9	19,4
Homes								
España	40,1	21,1	24,7	14,1	3,1	39,8	35,9	21,2
Galicia	47,7	18,4	20,9	12,9	3,0	36,7	25,9	34,5
Mulleres								
España	21,5	29,0	30,1	19,4	3,9	37,1	54,9	1,1
Galicia	22,6	28,4	26,8	22,2	2,7	42,6	48,0	6,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes, *Las cifras de la educación en España*

sexos, a porcentaxe de nenas que alcanza 4º de E.S.O. con 14 anos é do 70,2% fronte ó 51,5% dos nenos (**cadro 3.21.**).

A distribución porcentual do alumnado de C.O.U. e do alumnado de Bacharelato, exposta no **cadro 3.22.**, mostra que a modalidade máis solicitada do C.O.U. é a científico-técnica co 34% do alumnado, mentres que no Bacharelato LOXSE, a modalidade máis solicitada é a de Humanidades e ciencias sociais.

Desagregando por sexos, no C.O.U. a modalidade máis solicitada polos homes é a científico-técnica (47,7%) seguida polas ciencias sociais (20,9%), fronte á modalidade máis solicitada polas mulleres que é biosanitaria (26,8) seguida da de ciencias sociais (26,8%). En relación o Bacharelato LOXSE, a modalidade máis solicitada polos homes é a de ciencias da natureza e ciencias sociais, seguida da de tecnoloxía, co 36,7% e o 34,5% das matriculacións, respectivamente, mentres que a modalidade máis solicitada polas mulleres é a de Humanidades e ciencias sociais, co 48%, seguida da de ciencias da natureza e a saúde co 42,6%, estando só o 6,8% das mulleres matriculadas na modalidade de tecnoloxía, porcentaxe que, sen embargo, é moi superior á media estatal que se sitúa no 1,1% de mulleres matriculadas nesta modalidade.

En relación ó **ensino universitario**, analizamos a continuación a distribución por sexo e titulación dos alumnos matriculados nas tres universidades galegas, A Coruña, Vigo e Santiago.

O **cadro 3.23.** mostra a distribución por sexo

e titulación dos alumnos matriculados na Universidade de A Coruña no curso 2000-2001.

No que respecta ó **campus de A Coruña** cabe destacar, en primeiro lugar, que dos 21.973 alumnos matriculados o 53,4% son mulleres; o 30% das mulleres matriculadas no campus de A Coruña escollen as licenciaturas de ciencias económicas, empresariais e dereito, sendo esta porcentaxe no caso dos homes inferior acadando o 22,9% do total de homes matriculados no citado campus. O 7,2% das mulleres matriculadas optan pola titulación de mestre, nas súas catro especialidades, fronte ó 3,4% dos homes; en relación ás matriculacións das titulacións relacionadas coas novas tecnoloxías (Enxeñeiro técnico en informática de xestión e en informática de sistemas) dos 1.233 matriculados no campus de A Coruña só o 22% son mulleres.

En relación o **campus de Ferrol**, o 39% dos alumnos matriculados son mulleres, sendo a titulación máis solicitada a de Diplomada en Relacións Laborais co 26,4% das alumnas matriculadas. Destacar, por último, que o 70% dos matriculados no conxunto de enxeñerías impartidas no citado campus son homes, 2.706 homes fronte a 632 mulleres.

No conxunto da Universidade de A Coruña as titulacións onde as matriculacións femininas teñen un maior peso porcentual son as Diplomaturas de Logopedia (95,6% de matriculacións femininas), Enfermería (89%) e Educación Social (88,8%), fronte á Licenciatura e Diplomatura en máquinas navais, onde a porcentaxe de matriculacións masculinas é do 91,2% e 87,6% respectivamente.



3.23.

Alumnos matriculados na Universidade de A Coruña 2000-2001: distribución segundo titulación e sexo

	Total	Homes	Mulleres	Homes /Total	Mulleres /Total
	(%)				
A Coruña	21.973	10.220	11.753	46,5	53,5
Lic. en Bioloxía	583	193	390	33,1	66,9
Lic. en Química	698	263	435	37,7	62,3
Lic. en Cc. Químicas (En Extinción)	181	66	115	36,5	63,5
Lic. en Cc. Da Actividade Física E Do Deporte	980	736	244	75,1	24,9
Lic. en Educación Física (En Extinción)	8	6	2	75,0	25,0
Dip. en Enfermería	189	17	172	9,0	91,0
Dip. en Enfermería (En extinción)	6	3	3	50,0	50,0
Dip. en Fisioterapia	196	55	141	28,1	71,9
Dip. en Terapia Ocupacional	134	25	109	18,7	81,3
Lic. en Filoloxía Galega	104	28	76	26,9	73,1
Lic. en Filoloxía Hispánica	331	85	246	25,7	74,3
Lic. en Filoloxía Inglesa	468	86	382	18,4	81,6
Lic. en Psicopedagogía (2º Ciclo)	320	52	268	16,3	83,8
Dip. en Educación Social	294	33	261	11,2	88,8
Dip. en Logopedia	136	6	130	4,4	95,6
Mestre: Especialidade Audición e Linguaxe	254	19	235	7,5	92,5
Mestre: Especialidade Educación Física	269	169	100	62,8	37,2
Mestre: Especialidade Educación Infantil	269	28	241	10,4	89,6
Mestre: Especialidade Educación Primaria	242	53	189	21,9	78,1
Lic. en Admón. e Dirección de empresas	164	81	83	49,4	50,6
Lic. en Economía	322	205	117	63,7	36,3
Lic.Cc.Económicas e Empresariais (Sec.Eco)	1.893	924	969	48,8	51,2
Lic.Cc.Económicas e Empresariais (Sec.Emp)	378	140	238	37,0	63,0
Lic. en Dereito	2.432	839	1.593	34,5	65,5
Lic. en Socioloxía	668	225	443	33,7	66,3
Lic. en Ciencias Empresariais	1.551	586	965	37,8	62,2
Dip. en Turismo	548	118	430	21,5	78,5
Dip. en Rel. Laborais	1.010	322	688	31,9	68,1
Arquitecto	1.860	1.014	846	54,5	45,5
Arquitecto (En Extinción)	330	209	121	63,3	36,7
Enx. de Camiños, Canais E Portos	946	623	323	65,9	34,1
Enx. en Informática	812	629	183	77,5	22,5
Lic. en Informática (En Extinción)	14	11	3	78,6	21,4
Lic. en Máquinas Navais	34	31	3	91,2	8,8
Lic. en Náutica e Transporte Mariño	29	21	8	72,4	27,6
Lic. e Dipl. en Mariña Civil (En Extinción)	61	47	14	77,0	23,0
Dip. en Máquinas Navais	249	218	31	87,6	12,4
Dip. en Navegación Marítima	176	133	43	75,6	24,4
Arquitecto Técnico en Execución de Obras	1.601	962	639	60,1	39,9
Enx. Técnico en Informática de Xestión	747	558	189	74,7	25,3
Enx. Técnico en Informática de Sistemas	486	401	85	82,5	17,5
Ferrol	4.062	2.459	1.603	60,5	39,5
Dip. en Enfermería	221	29	192	13,1	86,9
Dip. en Podoloxía	130	30	100	23,1	76,9
Lic. en Humanidades	192	73	119	38,0	62,0
Dip. en Biblioteconomía e Documentación	186	50	136	26,9	73,1
Dip. en Rel. Laborais	627	203	424	32,4	67,6
Enx. Industrial	500	338	162	67,6	32,4
Enx. Naval e Oceánico	332	260	72	78,3	21,7
Enx. Técnico Deseño Industrial	139	79	60	56,8	43,2
Enx. Técnico Industrial:Esp. Electrónica Indust.	538	445	93	82,7	17,3
Enx. Técnico Industrial:Esp. Electricidade	462	387	75	83,8	16,2
Enx. Técnico Industrial (En Extinción)	193	155	38	80,3	19,7
Enx. Técnico Naval:Esp. Estructuras Mariñas	229	159	70	69,4	30,6
Enx. Técnico Naval:Esp. Propulsión e Servizos	275	219	56	79,6	20,4
Enx. Técnico Naval (En Extinción)	38	32	6	84,2	15,8
Total	26.035	12.679	13.356	48,7	51,3

Fonte: Universidade de A Coruña

O **cadro 3.24.** mostra a distribución por sexo e titulación dos alumnos matriculados na **Universidade de Vigo** nos cursos 2000-2001 e 2001-2002. Na Universidade de Vigo o número de alumnas representa o 56,5% do total de alumnos matriculados no curso 2001-2002, incrementándose esta porcentaxe en 0,3 puntos porcentuais respecto do curso anterior a pesar da redución do número absoluto de alumnas matriculadas (-376).

No que respecta ó **campus de Vigo** o 47,8% dos alumnos matriculados no curso 2001-2002 son

mulleres, sendo as titulacións máis solicitadas por estas as de Administración e Dirección de empresas, co 13% das alumnas matriculadas, e a de Ciencias empresariais co 11% do total. As titulacións máis solicitadas polos alumnos varóns son as de Enxeñería industrial e a de Enxeñería de telecomunicacións, as que conxuntamente acollen case ó 30% do total de homes matriculados no citado campus no curso 2001-2002.

En relación ó **campus de Pontevedra**, o 61,4% do total de matriculados no curso 2001-

3.24.

Alumnos matriculados na Universidade de Vigo 2000-01,e 2001-02: distribución segundo titulación e sexo

	Curso 2000-2001			Curso 2001-2002			Homes /Total Mulleres /Total (%)	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Homes /Total	Mulleres /Total
Vigo								
Total	17.380	9.165	8.215	16.997	8.864	8.133	52,2	47,8
Enxeñería de Minas	749	569	180	741	550	191	74,2	25,8
Enxeñería industrial	2.012	1.502	510	2.072	1.528	544	73,7	26,3
Enxeñería de telecomunicación	1.459	1.078	381	1.481	1.063	418	71,8	28,2
Ciencias empresariais	1.583	727	856	1.595	696	899	43,6	56,4
Enx.Téc. Ind. Espec. Química industr.	107	59	48	169	78	91	46,2	53,8
Enx.Téc. Ind. Espec. Electr. industr.	261	226	35	448	378	70	84,4	15,6
Enx.Téc. Ind. Espec. Electr.	131	112	19	209	176	33	84,2	15,8
Enx.Téc. Ind. Espec. Mecánica	277	226	51	439	365	74	83,1	16,9
Enxeñería Técnica Industrial	1.666	1.323	343	1.185	930	255	78,5	21,5
Enfermería Meixoeiro	168	20	148	165	18	147	10,9	89,1
Enfermería Povisa	196	28	168	191	30	161	15,7	84,3
Mestres - Educ. Infantil	236	25	211	185	15	170	8,1	91,9
Mestres - Educ. Primaria	217	46	171	208	46	162	22,1	77,9
Admón. e Dirección de empresas	1.739	796	943	1.934	873	1.061	45,1	54,9
Economía	1.342	699	643	1.268	639	629	50,4	49,6
Económicas	201	102	99	72	37	35	51,4	48,6
Empresariais	358	158	200	95	45	50	47,4	52,6
Dereito- Rama económico empresarial	769	283	486	815	297	518	36,4	63,6
Biología	887	323	564	851	300	551	35,3	64,7
Ciencias do mar	624	212	412	603	201	402	33,3	66,7
Química	886	327	559	816	293	523	35,9	64,1
Filoloxía galega	159	51	108	153	51	102	33,3	66,7
Filoloxía hispánica	331	68	263	299	58	241	19,4	80,6
Filoloxía inglesa	489	100	389	428	86	342	20,1	79,9
Tradución e interpretación	533	105	428	575	111	464	19,3	80,7
Pontevedra								
Total	3.364	1.310	2.054	3.517	1.357	2.160	38,6	61,4
Fisioterapia	185	62	123	188	58	130	30,9	69,1
Enfermería	163	30	133	160	24	136	15,0	85,0
Enxeñería técnico forestal	543	329	214	492	291	201	59,1	40,9
Ciencias da activ. Física e do deporte	204	148	56	330	234	96	70,9	29,1
Mestre - Educ. física	204	122	82	216	136	80	63,0	37,0
Mestre - Educ. infantil	302	36	266	308	28	280	9,1	90,9
Mestre - Educ. musical	197	91	106	184	80	104	43,5	56,5
Mestre - Educ. primaria	322	92	230	309	76	233	24,6	75,4
Belas artes	611	218	393	633	222	411	35,1	64,9
Publicidade e Rel. Públicas	443	126	317	444	130	314	29,3	70,7
Xestión e Admón. Pública	190	56	134	253	78	175	30,8	69,2
Ourense								
Total	9.064	3.342	5.722	8.667	3.198	5.469	36,9	63,1
Enfermería	195	27	168	190	27	163	14,2	85,8
Enxeñería en Informática	106	71	35	126	79	47	62,7	37,3
Informática de Xestión	826	573	253	878	607	271	69,1	30,9
Educación social	239	39	200	241	38	203	15,8	84,2
Mestre - Educ. especial	381	43	338	366	44	322	12,0	88,0
Mestre - Educ. infantil	348	43	305	336	43	293	12,8	87,2
Mestre - Educ. primaria	318	108	210	291	99	192	34,0	66,0
Mestre - Lingua estranxeira	192	42	150	173	39	134	22,5	77,5
Psicopedagogía	279	61	218	268	63	205	23,5	76,5
Traballo Social	257	37	220	265	32	233	12,1	87,9
Admón. e dirección de empresas	134	48	86	224	91	133	40,6	59,4
Ciencias empresariais	1.351	625	726	1.333	621	712	46,6	53,4
Ciencia e tecnol. dos alimentos	120	35	85	119	34	85	28,6	71,4
Enxeñería técnica agrícola	705	290	415	695	286	409	41,2	58,8
Física	214	120	94	200	109	91	54,5	45,5
Dereito	1.558	553	1.005	1.354	464	890	34,3	65,7
Historia	206	92	114	174	76	98	43,7	56,3
Relacións laborais (Extinguida)	1.635	535	1.100	1.434	446	988	31,1	68,9
Total	29.808	13.817	15.991	29.181	13.419	15.762	46,0	54,0

Fonte: Universidade de Vigo

2002 son mulleres, 0,4 puntos porcentuais máis que no curso anterior, sendo as titulacións máis solicitadas polas mulleres as de Belas artes e a de Publicidade e Relacións Públicas, das que o 67% das matriculacións corresponden a mulleres. No caso dos homes, as titulacións máis solicitadas son as de Enxeñería técnico forestal e a de Ciencias da actividade física e do deporte.

O campus de Ourense é o que presenta unha maior porcentaxe de alumnas, acadando as matriculacións de mulleres no curso 2001-2002 o 63,1% do total, a titulación máis solicitada polas mulleres é a de Dereito, seguida de Ciencias empresariais fronte ós homes que teñen por segunda titulación máis solicitada a de Informática de xestión.



3.25.

Alumnos matriculados na Universidade de Santiago 2000-01 e 2001-02: distribución segundo titulación e sexo

	Curso 2000-2001			Curso 2001-2002			Homes /Total (%)	Mulleres /Total (%)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres		
Lic. Bioloxía	1.697	596	1.101	1.547	530	1.017	34,3	65,7
Lic. Farmacia	1.514	416	1.098	1.367	372	995	27,2	72,8
Lic. Física	913	605	308	833	536	297	64,3	35,7
Lic. Matemáticas	730	278	452	587	216	371	36,8	63,2
Lic. Medicina	1.771	570	1.201	1.757	527	1.230	30,0	70,0
Lic. Odontoloxía	275	92	183	255	86	169	33,7	66,3
Lic. Química	1.153	441	712	1.050	406	644	38,7	61,3
Enx. Químico	428	165	263	442	172	270	38,9	61,1
Lic. CC. Económicas e Lic. Economía	2.116	1.057	1.059	1.858	919	939	49,5	50,5
Lic. CC. Empresariais e Lic. Admón. e Dir. Empresas	2.788	1.256	1.532	2.736	1.234	1.502	45,1	54,9
Lic. Xornalismo	517	149	368	529	156	373	29,5	70,5
Lic. CC. Políticas	1.325	480	845	1.285	472	813	36,7	63,3
Lic. Dereito	3.367	1.094	2.273	3.126	1.011	2.115	32,3	67,7
Lic. Filoloxía Clásica	75	29	46	70	23	47	32,9	67,1
Lic. Filoloxía Hispánica - Santiago	472	107	365	404	82	322	20,3	79,7
Lic. Filoloxía Francesa	105	24	81	107	22	85	20,6	79,4
Lic. Filoloxía Italiana	41	9	32	32	8	24	25,0	75,0
Lic. Filoloxía Alemana	181	31	150	142	22	120	15,5	84,5
Lic. Filoloxía Inglesa	821	181	640	675	141	534	20,9	79,1
Lic. Filoloxía Galega	371	117	254	322	103	219	32,0	68,0
Lic. Filoloxía Portuguesa	55	28	27	63	20	43	31,7	68,3
Lic. Filoloxía Románica	77	19	58	61	15	46	24,6	75,4
Lic. Pedagogía	558	61	497	539	63	476	11,7	88,3
Dip. Educación Social	294	33	261	293	33	260	11,3	88,7
Lic. Psicopedagogía	201	33	168	208	26	182	12,5	87,5
Lic. Filosofía	297	160	137	277	140	137	50,5	49,5
Lic. Psicoloxía	1.670	327	1.343	1.672	320	1.352	19,1	80,9
Lic. Xeografía	235	130	105	217	112	105	51,6	48,4
Lic. Historia da Arte	941	262	679	915	250	665	27,3	72,7
Lic. Historia	766	444	322	756	421	335	55,7	44,3
Dip. Enfermería - Santiago	577	69	508	586	72	514	12,3	87,7
Mestre Educ. Primaria - Santiago	296	85	211	281	76	205	27,0	73,0
Mestre Educ. Infantil - Santiago	276	20	256	272	20	252	7,4	92,6
Mestre Ling. Extranxeira - Santiago	299	76	223	293	76	217	25,9	74,1
Mestre Educ. Musical - Santiago	264	100	164	271	108	163	39,9	60,1
Dip. Relacións Laborais - Santiago	1.217	403	814	1.219	392	827	32,2	67,8
Dip. Óptica e Optometría	334	138	196	327	124	203	37,9	62,1
Dip. Traballo Social	336	26	310	346	33	313	9,5	90,5
Graduado Sup. Enxeñaría Ambiental	38	25	13	72	40	32	55,6	44,4
Graduado Sup. en Xerontoloxía	69	17	52	107	22	85	20,6	79,4
Lic. Ciencia e Tecnol. Alimentos	98	33	65	101	34	67	33,7	66,3
Enx. Téc. Química Industrial	621	294	327	639	305	334	47,7	52,3
Lic. Química 2º ciclo - Lugo	28	9	19	24	7	17	29,2	70,8
Lic. Veterinaria	1.343	529	814	1.248	477	771	38,2	61,8
Lic. Filoloxía Hispánica - Lugo	99	17	82	77	16	61	20,8	79,2
Lic. Humanidades	370	132	238	309	93	216	30,1	69,9
Lic. Admón. e Dir. Empresas - Lugo	382	173	209	320	131	189	40,9	59,1
Enx. Agrónomo	354	205	149	309	175	134	56,6	43,4
Enx. Montes	457	291	166	418	270	148	64,6	35,4
Enx. Téc. Explot. Agropecuarias	574	339	235	489	291	198	59,5	40,5
Enx. Téc. Hortofruticultura e Xardiñería	482	225	257	401	184	217	45,9	54,1
Enx. Téc. Industrias Agrarias e Alimentarias	608	228	380	548	198	350	36,1	63,9
Enx. Téc. Mecaniz. Agraria e Construc. Rurais	484	339	145	425	302	123	71,1	28,9
Enx. Téc. Explot. Forestais	1.400	869	531	1.228	763	465	62,1	37,9
Mestre Educ. Primaria - Lugo	247	70	177	215	54	161	25,1	74,9
Mestre Educ. Infantil - Lugo	223	33	190	212	23	189	10,8	89,2
Mestre Ling. Extranxeira - Lugo	178	39	139	163	44	119	27,0	73,0
Mestre Educ. Física - Lugo	168	115	53	171	107	64	62,6	37,4
Dip. Estudos Empresariais	1.348	561	787	1.129	477	652	42,2	57,8
Dip. Enfermería - Lugo	263	27	236	230	25	205	10,9	89,1
Dip. Relacións Laborais - Lugo	833	259	574	718	224	494	31,2	68,8
Graduado Sup. Tecnoloxías Información	-	-	-	19	11	8	57,9	42,1
Campus Santiago	29.460	10.153	19.307	27.918	9.412	18.506	33,7	66,3
Campus Lugo	10.560	4.787	5.773	9.374	4.200	5.174	44,8	55,2
Total	40.020	14.940	25.080	37.292	13.612	23.680	36,5	63,5

Fonte: Universidade de Santiago

No conxunto da Universidade de Vigo as titulacións cun maior peso porcentual das matriculacións femininas son as de Enfermería e Mestre de educación infantil co 86% e o 90% de matriculacións de mulleres sobre o total, fronte as titulacións onde o peso porcentual das matriculacións masculinas é superior como son as de Enxeñaría técnica eléctrica industrial e eléctrica cunhas

matriculacións masculinas sobre o total do 84,4% e do 84,2% respectivamente.

A última das tres Universidades galegas é a de **Santiago de Compostela**, sendo esta a que presenta unha maior porcentaxe de matriculacións femininas sobre o total, as que acadaron no curso 2001-2002 o 63,4% do conxunto de matricula-

3.26.

Poboación ocupada 2000-01: distribución segundo sexo e estudos terminados

	2000	2001
	<i>(en miles de persoas)</i>	
Homes	597,1	588,2
Analfabetos	1,0	0,5
Sen estudos e est. primarios	204,7	187,9
Educación secundaria (1ª e 2ª etapa)	282,1	277,5
Educación superior (1)	109,4	122,2
Mulleres	389,5	399,2
Analfabetos	2,3	1,9
Sen estudos e est. primarios	135,5	129,2
Educación secundaria (1ª e 2ª etapa)	154,8	163,5
Educación superior (1)	96,9	104,7
Total	986,6	987,4
Analfabetos	3,4	2,4
Sen estudos e est. primarios	340,1	317,1
Educación secundaria (1ª e 2ª etapa)	436,9	441,0
Educación superior (1)	206,3	227,0

(1) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de 1º, 2º e 3º ciclo e os estudos oficiais de especialización profesional

Fonte: IGE, *Enquisa de poboación activa*

3.27.

Poboación parada 2000-01: distribución segundo sexo e nivel de estudos terminados

	2000	2001
	<i>(en miles de persoas)</i>	
Homes	69,6	66,3
Analfabetos	0,1	0,1
Sen estudos e est. primarios	24,2	21,1
Educación secundaria (1ª e 2ª etapa)	32,8	33,2
Educación superior (1)	12,5	12,0
Mulleres	101,8	92,4
Analfabetos	0,1	0,2
Sen estudos e est. primarios	20,7	18,6
Educación secundaria (1ª e 2ª etapa)	53,1	45,5
Educación superior (1)	27,9	28,1
Total	171,4	158,7
Analfabetos	0,1	0,2
Sen estudos e est. primarios	44,9	39,7
Educación secundaria (1ª e 2ª etapa)	85,9	78,8
Educación superior (1)	40,5	40,1

(1) Inclúe as ensinanzas de grao superior, as ensinanzas universitarias de 1º, 2º e 3º ciclo e os estudos oficiais de especialización profesional

Fonte: IGE, *Enquisa de poboación activa*

cións, 1,2 puntos porcentuais máis que no curso anterior, a pesar de que o número de matriculacións femininas reduciuse en 1.400 (**cadro 3.25.**).

Analizando conxuntamente os campus de Santiago e Lugo, as titulacións máis solicitadas polas mulleres no curso 2001-2002 son as de Dereito con 2.115 matriculadas o que representa o 67,6% do total de matriculados nesta licenciatura, a de Lic. CC Empresariais e administración e dirección de empresas, con 1.502 matriculadas, o 54,8% do total para esa licenciatura.

As titulacións cun maior peso porcentual das matriculacións femininas no curso 2001-2002 na

Universidade de Santiago son as de Educación infantil e Enfermería, co 91% e o 88% de matriculacións de mulleres sobre o total respectivamente, fronte as titulacións en Enxeñería Técnica en mecanización agraria e construcións rurais e a Enxeñería de montes, onde o peso porcentual masculino acada o 71,1% e o 64,6% respectivamente.

Finalmente, no **ido laboral** destacar o feito de que o 40,9% da poboación feminina ocupada ten estudos de educación secundaria, o 32,3% son mulleres en educación regrada ou con estudos primarios e o 26,2% con educación superior, o que en comparación co ano 2000 supón un incremento na porcentaxe de mulleres ocupadas con educación



3.28.

Asociacións inscritas 2002

Área de actuación	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto de España	Total
Familia infancia e menores	155	39	39	94	9	336
Minorías étnicas	20	-	6	7	-	33
Xuventude	267	112	157	182	-	718
Muller	144	104	101	156	3	508
Total	586	255	303	439	12	1.595

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Directorio de Fundacións e Asociacións

secundaria e con educación superior do 5,6% e do 8%, respectivamente (**cadro 3.26.**). En relación ó nivel de estudos terminados das mulleres paradas, destacar que o 49,2% teñen estudos de educación secundaria e o 30,1% educación superior, salientando o feito de que a porcentaxe de mulleres paradas con estudos superiores sobre o total de mulleres paradas é a única que se incrementa no período 2000-01, pasando de 27.900 mulleres a 28.100, o que supón un 0,7% máis de mulleres con estudos superiores paradas (**cadro 3.27.**).

Participación cívica da muller

A análise da participación cívica da muller en Galicia lévase a cabo a través do estudio de dous apartados, por unha banda a participación social, en base ós datos dos diferentes tipos de asociacións relacionados co ámbito da muller, e por outra banda a participación electoral a través do número de mulleres existentes nos Parlamentos e Gobiernos Autonómicos.

Segundo o Directorio de Fundacións e Asociacións, no primeiro semestre do ano 2002 existían en Galicia un total de 508 asociacións con ámbito de actuación relacionado ca muller (**cadro 3.28.**). No ano 1999 existían en Galicia 488 asociacións e agrupacións de mulleres, das que 194 eran asociacións e agrupacións de mulleres rurais, 147 asociacións sociais e culturais de mulleres, 105 asociacións de amas de casa, 24 profesionais e laborais e 18 asociacións de viúvas.

No que respecta á participación política, o **cadro 3.29.** mostra como do total de 75 persoas parlamentarias existentes en Galicia a partir das eleccións celebradas en outubro de 2001, o 33,3% son mulleres; esta porcentaxe de participación feminina sitúa a Galicia como a sétima

Comunidade Autónoma cunha maior porcentaxe de mulleres parlamentarias, igualada con Asturias e A Rioxa, e por debaixo de Comunidades como Castela-A Mancha ou a Comunidade Valenciana entre outras. En relación ó número de mulleres nos Parlamentos Autonómicos no período 1996-2002, o **cadro 3.30.** mostra como Galicia pasa de ter un 9% de mulleres no goberno no ano 1996 (1 muller) a unha porcentaxe do 14% no ano 2002 (2 mulleres), o que sitúa a Galicia como a oitava Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe de participación de mulleres no goberno igualada con A Rioxa.

Finalmente, no que respecta á participación das mulleres na Administración xeral e especial de Galicia, destacar que no ano 1998 do total de 8.157 funcionarios de carreira, excluídos os docentes non universitarios, existentes en Galicia, o 48,2% eran mulleres, esta porcentaxe ascende ó 52% no conxunto do estado español (calculada con datos do ano 2002). Das 3.934 funcionarias da Administración autonómica o 51% pertencían ó grupo D (Graduado escolar), o 20% ó grupo C (BUP, FP 2º Grao), o 11% ó grupo A (Titulación superior), 11% ó grupo B (Diplomatura universitaria) e o 7% restante ó grupo E (Certificado de escolaridade). É importante destacar que dos 2.842 funcionarios da Administración autonómica pertencentes ós grupos A e B, os de cualificación necesaria maior, só o 31% son mulleres; sendo os grupos C e D os únicos onde o número de mulleres supera ó de homes.

No que respecta ó persoal da Administración autonómica docente non universitario, existe, tanto na ensinanza primaria como na secundaria, un maior número de homes que de mulleres, así as mulleres representan o 39% do persoal docente na ensinanza primaria e o 48% do persoal docente

3.29.

Mulleres nos Parlamentos Autonómicos (1)

CC AA	Total	Mulleres	Homes	% Mulleres
Andalucía	109	38	71	34,86
Aragón	67	20	47	29,85
Asturias	45	15	30	33,33
Baleares	59	20	39	33,90
Canarias	60	17	43	28,33
Cantabria	39	14	25	35,90
Castela-León	83	23	60	27,71
Castela- A Mancha	47	19	28	40,43
Cataluña	136	33	103	24,26
Extremadura	65	20	45	30,77
Galicia	75	25	50	33,33
Madrid	102	33	69	32,35
Murcia	45	9	36	20,00
Navarra	50	13	37	26,00
A Rioxa	33	11	22	33,33
C. Valenciana	89	36	53	40,45
Pais Vasco	75	26	49	34,67
Total	1.179	372	807	31,55

(1) Os datos refírense ás eleccións celebradas en xuño do ano 1999, a excepción das Comunidades Autónomas de Andalucía (abril 2001), Galicia (outubro 2001) e País Vasco (maio 2001)

3.30.

Mulleres nos gobernos autonómicos 1996-2002

CC AA	1996					2002				
	Presidencia Mulleres	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres	Presidencia Mulleres	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
Andalucía	-	3	8	11	27,27	-	6	8	14	42,86
Aragón	-	-	6	6	-	-	1	8	9	11,11
Asturias	-	1	5	6	16,67	-	2	9	11	18,18
Baleares	-	1	8	9	11,11	-	3	10	13	23,08
Canarias	-	-	10	10	-	-	-	9	9	-
Cantabria	-	1	9	10	10,00	-	1	8	9	11,11
Castela-León	-	2	6	8	25,00	-	2	6	8	25,00
Castela- A Mancha	-	1	8	9	11,11	-	3	7	10	30,00
Cataluña	-	1	13	14	7,14	-	2	13	15	13,33
Extremadura	-	-	8	8	-	-	3	7	10	30,00
Galicia	-	1	10	11	9,09	-	2	12	14	14,29
Madrid	-	1	6	7	14,29	-	3	8	11	27,27
Murcia	-	1	7	8	12,50	-	1	8	9	11,11
Navarra	-	-	9	9	-	-	1	9	10	10,00
A Rioxa	-	1	5	6	16,67	-	1	6	7	14,29
C. Valencíá	-	1	7	8	12,50	-	2	8	10	20,00
Pais Vasco	-	2	8	10	20,00	-	2	8	10	20,00
Ceuta	-	1	6	7	14,29	-	2	9	11	18,18
Melilla	-	1	5	6	16,67	-	1	8	9	11,11
Total	-	19	144	163	11,66	-	38	161	199	19,10

Fonte: *Instituto de la Mujer*, *Mujeres en cifras* [http://www.mtas.es/mujer/mcifras/politica.htm (última revisión: 01-02-2003)]

total na ensinanza secundaria. En relación ó persoal laboral fixo da Administración autonómica, das 4.667 persoas traballadoras na Administración autonómica nesta situación no ano 1998, 2.954 eran mulleres, o 63% do total. ■